

ORQUESTRA DE **CARTÓN**




TUTORIAL

KAZOO

QUE IMOS A FACER?

Neste vídeo-tutorial aprenderemos a elaborar o noso propio kazoo dunha forma moi peculiar; empregando materiais de refugallo!



QUE PRECISAMOS?

A continuación amósase a “lista da compra” cos materiais que deberedes ter a man para realizar a actividade.

- Tubo de cartón resistente (papel de aluminio ou film)
- Pinturas de cores (ou témperas)
- Cartulina de cor (opcional)
- Pegamento de barra e tixeiras
- Celofán (transparente e marrón)






PASO 1



O primeiro que temos que facer é colocar nunha das bocas do tubo o celofán que vai a actuar coma unha membrana ao vibrar.


- É importante pegar o recorte de celofán da tapa sen engurras, que quede ben liso e dunha soa peza. Non deberemos colocar máis de un recorte (xa que impediremos a súa vibración).



PASO 2




Reforzaremos a tapa que acabamos de colocar cun anel ao redor empregando o mesmo material, pero desta volta abrazado ao tubo no seu sentido de xiro. Unha vez feito, comprobade ao soprar pola outra boca do tubo que non sae nada de aire pola tapa.



PASO 3



Destá volta empregaremos as cartulinas e o pegamento de barra para facer unha base sobre a que personalizar despois o noso kazoo.



PASO 4



De seguido, reforzaremos o instrumento empregando a cinta transparente. Asegurádevos de que cubrides todo o corpo do tubo para protexelo, pero sen encintar a tapa.

- Se queredes, podedes aproveitar antes para decorar o tubo empregando témperas ou rotuladores de cores.

PASO 5



Finalmente, personalizaremos o noso instrumento. Podedes empregar gomas, cintas de cores ou pegatinas. Renda solta a vosa imaxinación!

